



## **AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO**

**Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na  
Natureza**

**Curso Académico: Curso 2017-2018**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras
  - Abertas Curso 2017-2018
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
    - Criterios anteriores a curso 2017/2018
      - [AM-1](#)
      - [AM-2](#)
      - [AM-3](#)
      - [AM-4](#)
      - [AM-5](#)
      - [AM-6](#)
      - [AM-7](#)
  - Finalizadas Curso 2017-2018
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
Mencións/Especialidades	<b>Non hai</b>
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	<b>Non é título interuniversitario</b>
Centro responsable	Facultade de Formación do Profesorado
Centro/s onde se imparte	Facultade de Formación do Profesorado
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	<b>Non leva a profesión regulada</b>
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	20/07/2016

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar:** O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza é un título oficial que reúne as temáticas de educación ao aire libre, educación ambiental, literatura e arte en relación coa natureza, deseño e organización de itinerarios e excursións, arquitectura rural e paisaxe, deporte e actividades escolares nas contornas rurais e bosques, exercitando aos estudantes no desenvolvemento de capacidades para a xestión, organización e dirección de grupos e institucións en relación coa educación no medio natural.

O aire libre e a educación en contornas naturais está cobrando cada vez máis importancia non so na educación non formal senón tamén no ámbito escolar. A conveniencia do título está moi xustificada nun contexto de forte crecemento da educación ao aire libre. Cada vez son mais as escolas que fan parte da súa actividade formativa en contornas naturais, e nos derradeiros vinte e cinco anos xurdiu un movemento educativo vigoroso que torna á natureza como un escenario esencial da educación, como amosan os estudos, entre outros, do profesor da Universidade de Edimburgo e asesor da UNESCO, Peter Higgins [[http://www.docs.hss.ed.ac.uk/education/outdoored/higgins\\_why\\_indoors.pdf](http://www.docs.hss.ed.ac.uk/education/outdoored/higgins_why_indoors.pdf)] ou Anders Szczepanski [[http://www.mgu.ac.jp/main/educations/library/publication/pre\\_hattatsu/no10/hatsurin\\_13.pdf](http://www.mgu.ac.jp/main/educations/library/publication/pre_hattatsu/no10/hatsurin_13.pdf)], profesor da Universidade de Linköping (Suecia). Incluso o seu desenvolvemento produciu un intenso debate parlamentario en Escocia o 10 de decembro de 2013, porque varios educadores escoceses presentaron un informe pedindo que a natureza se establecera como o eixo de todas as actividades do currículo escolar, xa que defendían que o aire libre era un lugar máis efectivo para aprender. [<http://www.parliament.scot/parliamentarybusiness/report.aspx?r=8783&mode=pdf>]. Este incremento da natureza como espazo educador ten como corolario títulos específicos de grao e posgrao que, como este máster, se imparten noutros países como o máster Outdoor Education da Universidade de Gales [<https://uwtsd.ac.uk/master-outdoor-education/>], o grao en Adventure and Outdoor Education da Universidade de Humak (Finlandia) [<https://www.humak.fi/en/bachelor-of-humanities-adventure-and-outdoor-education/>], ou Master Outdoor Adventure&Expedition Leadership da Southern University de Oregón [<https://sou.edu/academics/outdoor-adventure-leadership/programs/master-outdoor-adventure-expedition-leadership/>]. A Trobe University de Australia mantén títulos de grao e de posgrao arredor da potencialidade educadora da natureza [<https://www.latrobe.edu.au/courses/outdoor-education>] que teñen moita incidencia nos grupos de traballo internacionais arredor do aire libre.

Novas correntes pedagóxicas como a representada polo Waldkindergarten en Alemaña [<https://bvnw.de/>] ou o Forest Kindergarten nos Estados Unidos [<https://mamookids.com/blogs/journal/the-ultimate-guide-to-forest-nature-schools-in-the-us>], xuntase a outros de máis amplo contido como o Cedarson Nature School [<https://cedarsonnatureschool.org/>] ou o The English Outdoor Council [<https://www.englishoutdoorcouncil.org/>] ou o Outdoor Education Australia [<https://outdooreducationaustralia.org.au/>]. En España existen aínda poucas iniciativas federativas, destacando a asociación EDNA, [<https://asociacionedna.wordpress.com/>] un espazo de encontro, intercambio de experiencias e consolidación de proxectos educativos na natureza, que agrupa ás escolas do bosque e as iniciativas máis anovadoras que se están desenvolvendo actualmente no noso ámbito, con coñecidas achegas galegas como é o caso de Amadahi ou

Nenea. Tamén é salientable en Galicia o programa “Camiño sen Límites” que promove a Confederación de ANPAS Galegas. O máster colabora con todas estas últimas iniciativas que se implican na formación dos estudantes do máster.

O título mantén o seu interese, e incluso nesta edición tivo presenza de estudantes estranxeiros extracomunitarios que o cursaron. Un dos puntos fortes do máster para a súa continuidade é a matrícula que ten o título no contexto do Campus Terra cunha baixada forte do alumnado no seu conxunto. É unha titulación única en España. Non existe ningunha outra universidade no sur de Europa un posgraio con un perfil como o máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza do Campus de Lugo. O que non quere dicir que non sexa frecuente noutros países como Estados Unidos e Australia, os países nórdicos, Reino Unido ou Alemaña, pero é infrecuente noutras rexións xeopolíticas polo que ten unha importancia estratéxica para o Campus Terra, a USC e o sistema universitario galego.

Desde outubro de 2011 ata setembro de 2018 cursaron o máster 151 estudantes, dos que ata este momento remataron os seus estudos 126.

Curso	Estudantes de nova matrícula	Estudantes que defenderon o TFM	Estudantes que remataron
2011-2012	29	23	23
2012-2013	28	19	19
2013-2014	15	12	12
2014-2015	-	3	3
2015-2016	28	26	26
2016-2017	27	18	16
2017-2018	24	28	27
<b>TOTAL</b>	<b>151</b>	<b>129</b>	<b>126 (85,4%)</b>

A liña de interese polo máster mantense nun nivel sostible, e a admisión reduciuse a 25 estudantes no curso 2017-2018, conforme se establece na Memoria do título. A evolución da primeira matrícula é normal e considérase ascendente, case sen saltos nestas tres últimas edicións, aínda que a taxa de variación relativa da matrícula de novo ingreso por preinscrición é negativa nese último ano (-11,11):

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>Total</b>	<b>28,00</b>	<b>15,00</b>	<b>0,00</b>	<b>28,00</b>	<b>27,00</b>	<b>24,00</b>

Lémbrese que o título non se impartiu no curso 2014-2015. No perfil dos estudantes se pasou da hexemonía do título de diplomatura, o 96,4%, no curso 2013-2014 ao curso 2017-18, no que é título de grao é predominante: o 87,5%. O caudal fundamental dos estudantes segue estando nos títulos de educación, fundamentalmente mestres graduados en Educación Primaria ou Infantil. A nota media de acceso por preinscrición sigue estando por enriba de sete puntos:

	2015-16	2016-17	2017-18
<b>Total</b>	<b>7,89</b>	<b>7,60</b>	<b>7,56</b>

Así no curso 2017-2018 o 100% dos estudantes superou os seis puntos como puntuación de acceso a titulación. Por outra banda, nesta edición foi a primeira na que houbo estudantes estranxeiros, un 5,26% (o 7,4% se contamos so os estudante de nova inscrición). En concreto unha estudante estadounidense e outra brasileira, o que indica interese da titulación fora

de Europa. Ademais o 15,79% foron tamén estudantes de fora de Galicia, en concreto das comunidades autónomas de Andalucía, Asturias, Baleares e Navarra. A taxa de ocupación foi dun 96% quedando unha praza vacante das ofertadas. A captación do alumnado de fora da USC é algo menor que a do curso anterior, aínda que suficiente, e que mantén unha importante tendencia de captación de estudantes doutras universidades:

	2015-16	2016-17	2017-18
<b>Total (%) Estudantes da USC</b>	<b>80,56</b>	<b>54,84</b>	<b>65,79</b>

O máster é anual polo que non ten posibilidade de intercambio de estudantes con programas Erasmus, aínda que existe un acordo coa universidade de Marburg (Alemaña) que permite intercambio de profesorado para o máster. Porén o proxecto Landcare (Erasmus + KA203; <http://www.ibader.gal/seccion/454/Background.html>) permitiu que tres estudantes do máster fixeran un curso en Pisa e prácticas externas e, atendendo a nenos refuxiados, no Centro de Interpretación Mariña e Terrestre de Pythagóreo. O máster foi tamén presentado no congreso Landcare for future (16-18 de xullo, Santiago de Compostela).

Asemade a nova materia optativa "Aprendizaxe experiencial en contornas singulares" permitiu darlle unha maior visibilidade nun contexto internacional, polo encontro anual que os estudantes e profesores deste máster manteñen con estudantes e profesores da Universidade de Cumbria (Reino Unido) en Potes (Cantabria) que permitiu desenvolver a docencia práctica en contornas naturais dos Picos de Europa. Este ano foi especialmente relevante cunha expedición de doce estudantes e catro profesores.

A permanencia do máster na EOE (*European Institute for Outdoor Adventure Education and Experiential Learning*), con sede na Universidade de Marburg (Alemaña) levou este ano a dous profesores, Salvador Cidrás Robles e Vicente Blanco Mosquera, a asistir a súa conferencia anual, *celebrada en Csod (Eslovenia) entre o 19 e 23 de setembro de 2018*, baixo o título *The Mediation of Experiences by Technology in the Outdoors Opening or Losing Connections with the World*. Estes profesores presentaron un relatorio titulado "Using Creative Aesthetic Technologies to Connect with the Outdoors through the Senses", en relación con actividades que os estudantes do máster desenvolven no estudo da recuperación do Barrio do Carme de Lugo.

### 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O curso académico non tivo cambios salientables, agás que incorporouse a materia optativa "Aprendizaxe experiencial en contornas singulares". Ao ser un máster anual non ten posibilidade de intercambio de Erasmus, o que xa foi advertido, xa que en todo caso podería facerse a efectos de realizar un prácticum, como foi posible neste curso co programa Landcare.

O título funciona cunha estrutura modular e cada módulo ten unha coordinadora ou coordinador que é membro da Comisión de Título. Os coordinadores de módulo convocan reunións de preparación para o deseño do traballo interdisciplinar de módulo, e tamén coordinan as sesións de avaliación que se realizan despois da presentación do traballo interdisciplinar. Tamén son quen de atender en titoría calquera dúbida ou orientación que necesiten os estudantes sobre as aprendizaxes e o desenvolvemento do traballo interdisciplinar.

Curso 2017-2018. Titores e materias	
<p>Módulo 1 Valores educativos da natureza e da paisaxe. Coordinadora: Dra. Dna. Beatriz Fernández Herrero</p>	Créditos ECTS
Materia 1.1. A natureza como medio educador.	3
Materia 1.2. Ética e natureza.	3
Materia 1.3. Historia ambiental.	3
<p>Módulo 2. Natureza e arte. Coordinadora: Dra. Dna. Isabel Fernández López</p>	
Materia 2.1. Música e natureza.	3
Materia 2.2. As artes plásticas e a natureza.	3
Materia 2.3. Literatura e Natureza	3
<p>Módulo 3. Os elementos do medio natural Coordinador: Dr. D. Manuel Antonio Rodríguez Guitián</p>	
Materia 3.1. Ecosistema e biodiversidade.	3
Materia 3.2. Coñecemento xeográfico do medio natural.	3
Materia 3.3. Natureza, paisaxe e arquitectura rural.	3
<p>Módulo 4. Dirección de grupos e xestión de recursos Coordinador: Dr. D. Rufino González Fernández</p>	
Materia 4.1 Dirección de grupos e resolución de conflitos.	3
Materia 4.2. Equipamentos e organización de actividades.	3
Materia 4.3. Lexislación e xestión económica.	3
<p>Módulo 5. Actividades educativas na natureza Coordinador: Dr. D. Rubén Navarro Patón</p>	
Materia 5.1. Bases e recursos para o desenvolvemento da Educación Ambiental.	3
Materia 5.2. Deseño e organización de actividades motrices ao aire libre.	3
Materia 5.3. O excursionismo e a vida ao aire libre: fundamentos e modelos.	3
<p>5.4.1. Recursos para actividades motrices para persoas con diversidade funcional. 5.4.2.- Recursos para actividades de Ciencias da Vida e a Terra con escolares. (Optativas, a elixir unha delas). 5.4.3. Aprendizaxe experiencial en contornas singulares</p>	3
<p>Módulo 6. Prácticum e Traballo Fin de Máster</p>	
<p>Materia 6.1. Prácticum. Coordinador Prácticum: Dr. D. Joaquín Lago Ballesteros</p>	6
<p>Materia 6.2. Traballo Fin de Máster. Coordinador TFM: Dr. D. Rubén Navarro Patón</p>	6

O final do curso fíxose unha avaliación cualitativa do máster por parte dos estudantes. As respostas abertas eran anónimas, e foron entregadas á coordinación por un dos estudantes, aínda que o documento enteiro está axunto a acta da Comisión do Título do día 23 de maio de 2018, compre destacar o valor dalgunhas respostas:

Aspectos positivos:

“Se ha trabajado una gran variedad de temas interesantes y, sobre todo, importantes para nuestra formación. Destacaría la innovación de muchas propuestas de trabajo tanto en clase como durante las salidas. Se aprecia un máster que está al tanto de la actualidad y con una gran flexibilidad, lo cual es productivo para el alumnado y, al mismo tiempo, ofrece un gran futuro al propio máster.”

“Buena relación entre el alumnado y el profesorado. Experiencias positivas de cooperación, socialización, compañerismo y superación. Y aprendizajes nuevos en contacto con la naturaleza.”

“Me gustaría ante todo agradecer la oportunidad de haber cursado este Máster. Salir de mi país, estar lejos de mi familia, fueron grandes desafíos que claramente sólo enfrenté por creer mucho que sería importante estar aquí y vivir esa experiencia. Por lo tanto, todo lo que escribo en este texto como crítica o sugerencia, es para mejorar el curso, pues creo que todos estamos aquí en busca de hacer lo mejor que podemos, siempre”.

“Las prácticas también fueron una oportunidad muy especial. Estoy muy contenta en la bosque escuela donde estoy, aprendo muchísimo. El encuentro con Kátia Hueso también fue muy bonito y todos los encuentros con las personas que conocí en Lugo. Colegas, profesores, todos!”

Aspectos a mellorar:

“Otra observación que tengo es que dentro de las clases, no hay mucho tiempo para debatir y trabajar conceptos”... “Esto es en parte debido al hecho que no hablamos de lo que leemos. Para mí no tiene sentido subir un montón de artículos al aula virtual, decirnos que lo leamos, pero nunca vamos a hablarlo en clase. Propongo algo muy sencillo que es decirnos que para la siguiente clase, leemos un artículo importante en particular, yo solo subir este artículo para la clase. Después venimos todos habernos leídos este artículo y lo hablamos. No es una cosa complicada, pero ayuda mucho para fomentar reflexión basada en conceptos e ideas sobre los temas que supuestamente trata el Master”.

“Todavía el mayor desafío fue la cantidad de trabajos que tuvimos que hacer. Siempre he disfrutado mucho de estudiar y leer, pero sentí que la cantidad de asignaturas que tuvimos acabó generando una cantidad de trabajo que no me daba tiempo para asimilar, reflexionar, debatir con los colegas sobre todo lo que estábamos aprendiendo. Sentí, en general, poco espacio para el debate, la reflexión, el intercambio. Veo que tenemos un grupo tan diverso e implicado, creo que podríamos haber vivido momentos muy ricos en ese sentido si hubiéramos tenido más oportunidades. Las clases son interesantes, los temas, los textos. Pero para mí poder hablar sobre los contenidos que estamos aprendiendo sería muy importante”.

En xeral os estudantes botaron en falta que non houbera máis debate nas aulas o que fai moi necesario incidir na metodoloxía flippedclassroom e optimizar os procedementos de coordinación dos módulos.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

***Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:***

En cada módulo os estudantes elaboran un traballo conxunto que desenvolve as competencias das materias que o compoñen. O traballo de módulo é deseñado polo seu profesorado, e acordouse que tivera un valor da cualificación do 60%, sendo o resto da cualificación da responsabilidade de cada materia. A coordinación modular e o traballo interdisciplinar permiten un mellor aprendizaxe e interrelación entre os coñecementos, habilidades e desenvolvemento de capacidades dos estudantes, así no primeiro módulo, que ten as materias de

Nas prácticas externas acadouse por vez primeira unha puntaxe superior á media da USC en todos os items. O prácticum



non so pasou dunha situación na que os estudantes tiñan oportunidade de elixir entre varias opcións, senón que se converte nun dos puntos máis fortes da titulación, que está nos valores máis altos da USC.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>Total</b>	-	<b>4,81</b>	-	<b>2,29</b>	<b>4,03</b>	<b>5,00</b>

Os titores académicos, a súa vez, fan unha valoración dos estudantes que se corresponde coa impresión que amosan os propios estudantes

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>Total</b>	<b>4,30</b>	<b>4,00</b>	-	<b>4,20</b>	-	<b>5,00</b>

Os titores profesionais cualifican aos estudantes mediante un protocolo que estima a súa participación e implicación nas actividades e desenvolvemento de competencias, e permite facer valoracións globais da súa aprendizaxe.

FICHA DE AVALIACIÓN	
DO LABOR DO/A ALUMNO/A EN PRÁCTICAS DURANTE A FASE DE ESTANCIA	
PRÁCTICUM MÁSTER D.A.E.N. CURSO 2017-2018	
Alumno/a	
Titulación	Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (DAEN)
Supervisora	
DATOS DO/A TITOR/A NO CENTRO DE PRÁCTICAS	
Nome e apelidos	
Titulación/Especialidade	NIF
Nome e enderezo do centro	
Poboación	Código postal
Provincia	Correo-e
	Teléfono
	Fax
ASPECTOS A VALORAR	
En cada ítem elixe a opción que mellor se adapte á súa valoración, segundo a seguinte escala: I: Insatisfactorio=2 R: Regular=4 B: Ben=6 MB: Moi Ben=8 EX: Excelente=10	
<b>1. ACTITUDE XERAL ANTE O PRACTICUM.</b>	
Cumpre coas tarefas que lle son propias.	I R B MB EX
Asiste diariamente	I R B MB EX
Cumpre cos horarios de entrada e saída establecidos	I R B MB EX
<b>2. RELACIÓN CO/A TITOR/A E OUTROS MEMBROS DO CENTRO.</b>	
Pon en común con vostede observacións e reflexións persoais	I R B MB EX
É receptivo/a ás suxestións e consellos que lle dá	I R B MB EX
Ten interese en participar/colaborar nas tarefas que vostede planifica	I R B MB EX
Ten interese en coñecer a vida do centro de prácticas	I R B MB EX
Ten interese en relacionarse con outros sectores da comunidade	I R B MB EX
Amósase respectuoso/a con vostede	I R B MB EX
Amósase disposto/a a participar nas actividades e servizos do centro	I R B MB EX
Respecta as normas que vostede lle dá	I R B MB EX
Respecta as normas do centro	I R B MB EX
<b>3. DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES.</b>	
Amosa capacidade para atopar recursos en situacións imprevistas	I R B MB EX
Cambia a súa actuación de acordo coas suxestións que se lle fan	I R B MB EX
Reflexiona sobre a súa propia actuación	I R B MB EX
Manifesta interese e motivación na realización das actividades	I R B MB EX
Recorre o sentido do humor nas súas estratexias pedagóxicas	I R B MB EX
Gañou <b>autoconfianza</b> e seguridade na súa práctica	I R B MB EX
Emprega medios didácticos de forma axeitada	I R B MB EX
Manifesta iniciativa para planificar e realizar actividades por si mesmo/a	I R B MB EX
<b>4. UNHA VEZ DESENVOLVIDO O TRABALLO COMO ALUMNO/A EN PRÁCTICAS:</b>	
Que dous aspectos destacaría como máis positivos do seu labor?	

Que dous aspectos considera que aínda precisa mellorar?

**5. VALORACIÓN GLOBAL.**  
Nunha escala de valoración que vostede empregue habitualmente, que valoración lle merece o traballo desenvolvido polo/a alumno/a durante as prácticas? Escriba un comentario se lle parece máis axeitado.

**6. OBSERVACIÓNS.**  
Pode utilizar este espazo para manifestar algunha outra información complementaria.

O que asino ós efectos de valoración das prácticas, en ..... a .... de ..... de 20...

O/A titor/a,

Selo do Centro:

Asdo: .....

MOITAS GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

Contrasta vivamente este grao de satisfacción coa escasa valoración que se fai do máster na enquisa dos egresados, aínda que neste caso, ten pouca entidade xa que so responderon tres estudantes, un 18,5 do total, tres estudantes, polo que non resulta significativo, e, en todo caso, esas son enquisas realizadas a estudantes do curso 2016-2017, que como xa indicamos previamente, foron os que cualificaron máis baixo ao máster de toda a serie histórica.

**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A maioría dos estudantes que acceden a este máster proceden de graos relacionados coa educación. Os que veñen doutras titulacións están motivados polo seu interese pola educación ao aire libre e soen ter experiencia educativa neste ámbito. No curso 2017-2018, 23 dos 24 estudantes teñen un título de acceso especificamente en educación. No caso doutra estudante, é un título de proximidade, e perfectamente adecuado á formación que ofrece o máster.

**1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O máster fixo unha proposta de mellora neste sentido da que se estableceu unha normativa de presentación de Traballos Fin de Máster. Desde a súa primeira edición os estudantes teñen que presentar un proxecto que debe ser aprobado na Comisión do Título. Este proxecto debe estar autorizado polo titor académico e no mesmo deben constar as preguntas ou hipóteses principais, así como un resumo de 500 palabras e bibliografía básica. Estes proxectos previo son examinados na Comisión que estuda a súa viabilidade e autoriza a continuidade do proxecto de TFM. As normas aprobadas en relación con a súa elaboración que desenvolven o regulamento do TFM, foron obxecto dunha acción de mellora que está aplicándose.

Pode consultarse estas normas en [http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master\\_DAEN.html](http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_DAEN.html)

Na actualidade se traballa nunha rúbrica, baseada nos principios que establece ese documento, e que xa solicitaba o Informe Final de Acreditación de 2016.

En canto as prácticas externas contan cunha guía de avaliación e os requisitos dos institucións que acollen os estudantes en prácticas, que se amosan nun apéndice específico, anexo a este informe. Existen actualmente 51 institucións coas que a USC mantén convenios de prácticas a estes efectos Os estudantes teñen que presentar un certificado do Ministerio de Xustiza no que se faga constar que non teñen antecedentes penais que lles impidan traballar con menores. O máster conta con centros de prácticas suficientes para que todos os estudantes podan realizalas con garantía e incluso para elixir un perfil apropiado aos seus intereses.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información atópase na páxina web do máster e da USC, e tamén en redes sociais.

Información do máster na USC (información para estudantes, masteres oficiais)

<http://www.usc.es/masteres/es/masteres/ciencias-sociales-juridicas/direccion-actividades-educativas-naturaleza>

Información do máster na páxina da Facultade de Formación do Profesorado

<http://www.usc.es/es/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&estudio=16541&codEstudio=15895&valor=9>

[http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master\\_DAEN.html](http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_DAEN.html)

Información do máster en facebook <https://www.facebook.com/master.daen>

O máster difúndese polos mecanismos propios da USC, onde está a paxina virtual do máster e cun tríptico que tamén é editado en papel que se distribúe entre as universidades españolas e institucións profesionais que poden ter interese polo título. Ademais conta con unha páxina en Facebook que fai tamén difusión da actividade do máster. No curso pasado se publicaron varias noticias do máster na prensa galega: <https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/una-experiencia-para-la-vida/201805301328121315145.html>; <https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/vicente-blanco-noutras-cidades-europeas-ao-carne-dariaselle-moito-valor/20170626000000408898.html>;

[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lemos/2018/05/30/alumnas-campus-llevar-formacion-alegria-campamento-refugiados/0003\\_201805M30C6991.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lemos/2018/05/30/alumnas-campus-llevar-formacion-alegria-campamento-refugiados/0003_201805M30C6991.htm) ;

O máster asemade conta cunha Comisión Consultiva de Seguimento Externo que esta formada polo coordinador, un profesor/a do máster membro da comisión do título, dous egresados e catro profesionais da educación ao aire libre, con actividade na provincia de Lugo.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza eo profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

#### Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

O SGC da Facultade de Formación do Profesorado foi revisado recentemente pola ACSUG. A Comisión Consultiva de Seguimento Externo se lle informa sobre o desenvolvemento e actividades do máster, e se lle consulta sobre decisións que atinxen a pertinencia da formación e os cambios que puideran introducirse. O máster decidiu despois do Informe de renovación da acreditación de 30 de xuño de 2016, que a metodoloxía dominante no título debería basearse no sistema de clases reversas (Flipped Classroom). Esta metodoloxía está bastante implantada no máster pero aínda así necesita dunha formación adicional por parte do profesorado para ser plenamente asumida. Os informes que proporcionan sobre os estudantes os titores profesionais externos é unha fonte que permite coñecer o grao de adquisición de competencias na práctica e en procesos de aprendizaxe experiencial

A páxina web da Facultade que imparte o título conta con accesos directos ao contido do Sistema de Garantía de Calidade, onde aparece reflectida toda a información relativa ao mesmo (manuais do SGC, informes de seguimento, memorias de calidade e informes de renovación da acreditación dos títulos), así como o Plan Estratégico e a Programación Plurianual 2016-2020.

No SGC distínguense dúas comisións, que asumen diferentes funcións dentro do sistema. Por unha banda, a Comisión do Título, que se encarga de analizar a información proporcionada polo Coordinador do Título e polo Responsable de Calidade do Centro, coa finalidade de levar a cabo o seguimento do título e realizar un informe sobre os resultados do mesmo, xunto coas propostas de mellora (informe anual de seguimento) e, cando sexa necesario, formular unha proposta de modificación ou suspensión do máster. O Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado na USC, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017, establece unha nova regulamentación dos órganos académicos das titulacións de grao e mestrado (comisión de título e coordinador/a) xa en vigor no curso 2017-18.

Por outro lado, contamos coa Comisión de Calidade do Centro, que é a encargada de: realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGC do centro; elaborar a Memoria de calidade do centro; propoñer o Plan de Melloras do centro para o curso seguinte, que recollerá as propostas de mellora dos títulos derivadas dos seus respectivos informes de seguimento; elaborar o informe de seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora.

Os distintos indicadores dispoñibles evidencian un adecuado desenvolvemento do sistema de garantía de calidade e a súa contribución ao seguimento e mellora continua da titulación. Así, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2017-18 acadou o 4,46 de valoración global, cunha participación do 32,0%. Pola súa banda, a satisfacción do

profesorado coa docencia impartida indica unha valoración global de 4,11, cun nivel de participación do 41,67%.

Polo que se refire á valoración da xestión da calidade por parte do alumnado (canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns; información pública dispoñible sobre a titulación), o indicador é de 3,50. De xeito semellante, a valoración da xestión de calidade por parte do profesorado (información dispoñible en relación coa calidade; canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns; vías de participación na mellora da calidade da titulación; información pública dispoñible sobre a titulación) acadou un nivel de 3,25.

Finalmente, polo que se refire ás suxestións e reclamacións presentadas polo alumnado deste título, no curso 2017-18 presentáronse 3 reclamacións, unha delas relacionada coa docencia, outra coa notificación de notas por móbil, e outra co TFM. Todas elas foron desestimadas.

### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As reflexións que conteñen os informes de seguimento e as memorias de calidade son as fontes que permiten propoñer melloras no título. Nalgún caso estas melloras supuxeron modificacións na memoria verificada do título, o que deu lugar ao desenvolvemento da 2ª edición do título a partir do curso 2015-16 (BOE do 19/12/2016 e DOG do 09/01/2017). Noutros casos, trátase de modificacións de menor entidade, das que se deixa constancia nos informes de seguimento para incorporalas á memoria cando se autorice unha modificación substancial; así se procedeu para a incorporación da materia optativa "P3281205 Aprendizaxe experiencial en contornas singulares", que, entre outras cousas, facilita a internacionalización da titulación.

O seguimento das melloras incluídas nos plans de mellora que acompañan a documentación do SGC confirman, polo menos parcialmente, a súa eficacia e o compromiso do centro co desenvolvemento de accións viables e relevantes para a consecución dos obxectivos formulados na memoria de verificación do título, consonte as recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento e de renovación da acreditación do título.

### 3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A implantación do SGC posibilitou o desenvolvemento do traballo no centro nun contexto de ciclo de mellora continua. Desde esta perspectiva, o SGC revísase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. De feito, pode afirmarse que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados.

Neste senso, cómpre deixar constancia de que, recentemente, aprobouse a modificación do SGC marco da USC, coa finalidade de acadar unha simplificación que redunde nunha maior operatividade do mesmo. O novo SGC contempla un

manual do sistema para o centro, onde se desenvolve o alcance, a estrutura para o seu desenvolvemento e os detalles do seu funcionamento, de maneira semellante aos actuais manuais simplificados. Pola súa banda, o novo Manual de Procesos inclúe 2 procesos estratéxicos, 5 procesos clave e 6 procesos de soporte.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico.** O título conta con profesorado suficiente ea súa cualificación éa adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos,as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidadefixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Un avance moi conspicuo na calidade do profesorado que imparte a titulación pode observarse na progresión dos docentes que acadan sexenios

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total (%)	37,04	31,82	44,44	69,23	71,43	78,57

O profesorado é suficiente e cumpre coas condicións establecidas na Memoria de verificación e o perfil dun título específico de carácter académico profesional. Conforme os datos ofrecidos pola Área de Calidade e mellora dos Procedementos da USC a distribución é a seguinte:

Información sobre o profesorado. Datos do curso 17/18				
Categ.	Número	Total %	Doutores %	Horas %
Cat. de Universidade	2	8,33	100	12,49
Asociado de Universidade LOU	4	16,67	25	27,13
Contratado Interino	4	16,67	25	14,86
Profesor Axudante Doutor	2	8,33	100	8,18
Profesor Contratado	7	29,17	100	19,79

Doutor				
Titular de Universidade	5	20,83	100	17,55
	24			100

Porén este dato necesita un pequeno axuste xa que conforme os datos actualizados, entre asociados e contratados interinos o máster tivo 7 e non 8 profesores, conforme o cadro real referido á totalidade de profesores aos que se alude.

### Carga docente conforme ás áreas de coñecemento

	<b>Categ.</b>	<b>Materia</b>	<b>Área</b>
1	CIV	P3281204	Didac CC. Experimentais
2	CIS	P3281110/P3281114/P3281115	Didac. da Expresión Corporal
3	CD	P3281V02	Didac CC. Experimentais
4	CD	P3281105	Didac. Expresión Plástica
5	CD	P3281103	Historia Contemporánea
6	Asoc	P3281104	Didac Expresión Musical
7	CIV	P3281105	Didac. Expresión Plástica
8	Asoc	/P3281113/P3281114/P3281203	Didac. da Expresión Corporal
9	TU	P3281106	Zooloxía
10	CD	P3281111	Economía Financeira
11	TU	P3281102	Filosofía Moral
12	Asoc	P3281109/P3281110	Teoría e Hª da Educación
13	CD	P3281117	Didac. da Ling. e da Literatura
14	CD	P3281109	Didac. e Organiz. Escolar
15	AD	P3281113/ 3281114/ P3281203	Didac. da Expresión Corporal
16	Asoc	P3281117	Didac. da Ling. e da Literatura
17	CD	P3281108	Historia da Arte
18	TU	P3281107/ P3281V02	Edafoloxía e Química Agrícola
19	AD	P3281113/ 3281114/ P3281203	Didac. da Expresión Corporal
20	TU	P3281108	Enxeñería Agroforestal
21	CU	P3281101/P3281110/P3281V02	Teoría e Hª da Educación
22	TU	P3281108/ P3281106	Botánica
23	CD	P3281106	Producción Vexetal
24	CU	P3281107	Didac. Ciencias Sociais

No curso 2017-2018 o máster tivo 24 docentes dos que 20 eran doutores (83,33%) e 7 funcionarios (Titulares e Catedráticos de Universidade). Ademais houbo 8 doutores contratados, 2 axudantes doutores, 3 profesores contratados interinos, e 4 asociados. A proporción entre sexos é de 25% mulleres e 75% homes. Sen contar a docencia propia do prácticum e do TFM, e os seus elementos de coordinación e titoría, o resto da docencia (48 créditos) ten a seguinte distribución

	<b>Doutores</b>	<b>Non doutores</b>	<b>Σ</b>
Docencia obrigatoria	37,5 créditos 72,22%	7,5 créditos 27,78%	45
Docencia optativa	0,7 créditos 23,3%	2,3 créditos 76,7%	3
Docencia recibida polos estudantes	38,2 créditos 79,58%	9,8 créditos 20,42%	48

O criterio axústase as previsións da Memoria de verificación. Debe sinalarse a preocupación pola merma ascendente do profesorado funcionario, o que dificulta a creación de equipos de investigación estables e unha programación a longo prazo.

Nome	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
PDI funcionario sobre o PDI total (%)	40,74	40,91	33,33	36,36	34,78	31,82

Por outra banda, o profesorado desta titulación é un dos que máis participa en programas de formación da Facultade de Formación do Profesorado, cunha conspicua progresividade. No curso 2015-2016 se implicaban en planes de formación docente o 25% do profesorado; no curso 2016-2017 se implicou o 41,67%. No curso 2017-2018 o 50%. Ademais cumpre engadir que foi nesta titulación onde xurdiu o proxecto de innovación na modalidade de Aprendizaxe-Servizo "Plantando cara ao lume" (<https://www.facebook.com/plantandocaraolume/>) que hoxe ten un desenvolvemento bicampus coa participación de varios centros. Por parte do campus de Lugo ademais da Facultade de Formación de Profesorado está implicada a Escola Politécnica Superior. No Campus de Compostela Participan as Facultades de Ciencias da Educación, a Facultade de Bioloxía e a Facultade de Ciencias da Comunicación. As actividades desenvolvidas por lo estudantes consistiron en campañas de sensibilización sobre o problema dos incendios forestais dirixidos a centros de secundaria. Na actualidade se está sometendo un proxecto Erasmus + KA 203 con universidades de Italia, Portugal e Grecia.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente ea súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido eé acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O persoal de apoio da Facultade está formado por 11 persoas, membros do Persoal de Administración e Servizos (PAS), das cales 4 pertencen á área de administración, 3 á área de conserxería e 4 a de biblioteca. Este persoal dá soporte aos preto de 900 estudantes das titulacións que se imparten na Facultade.

Todo o persoal conta coa cualificación adecuada para desenvolver as tarefas relacionadas coa titulación.

O persoal de apoio é suficiente nas áreas de biblioteca e administración, porén, sería desexable incrementar nunha persoa o cadro de persoal da área de conserxería na quenda de tarde para poder ofrecer unhas condicións óptimas de apoio á docencia. Nesta quenda traballa unha única persoa para dar servizo a todas las titulacións (todas elas programan actividades docentes en horario de tarde), e a outras actividades que se desenvolven na Facultade (clases de cuarto ciclo, cursos programados pola universidade, actividades externas, etc.).

A participación do PAS nos plans de formación da USC aumentou considerablemente con respecto aos cursos anteriores, pasando dun 41,67% no curso 2016-17 ao 64% durante o curso 2017-18. Tamén se incrementou a media de satisfacción coa formación recibida, acadando unha media de 4 sobre 5, superior nun punto á media de satisfacción do curso inmediatamente anterior e superior tamén á media global da universidade (3,26).

A satisfacción global do PAS co traballo desenvolvido é de 4 sobre 5, rexistrando un aumento con respecto ao curso anterior (3,60) e superior á media da USC (3,88). De todas formas, detéctase un descenso acusado da participación na enquisa de satisfacción, sendo tan só do 14,3% (un único cuestionario contestado). Parece que a enquisa non se remitiu ao total do persoal, xa que se estima o universo en 7 persoas, cando en realidade son 11. Por iso, aínda que todos os apartados ofrecen unha valoración moi alta, no se poden considerar datos significativos





FACULTADE DE FORMACIÓN  
DO PROFESORADO

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar seos recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As infraestruturas internas son apropiadas para impartición da docencia do máster que se desenvolve Facultade de Formación do Profesorado de Lugo. Na aula 30 de maneira ordinaria (cun mobiliario que permite diversas formas de organización da docencia), aínda que tamén nas aulas de plástica e música e con uso excepcional do salón de actos e a sala de graos. O centro ten abundantes puntos de reunión e traballo para estudantes, aula de informática, acceso a redes telemáticas e biblioteca dotada con bibliografía específica aos intereses do título como non existe noutro punto de Galicia, como os mesmos estudantes recoñecen.

O material específico deu este curso un importante salto coa execución da proposta de mellora que permitiu a adquisición de material de montaña e aire libre (tendas de campaña e material de escalada fundamentalmente), así como ferramentas para a plantación de árbores e uso do horto de balcón que existe na Facultade.

A Facultade e o resto das instalacións que usa o máster como a Estación Científica de Seoane do Courel están adaptadas a accesibilidade universal, ben sinalizadas, e no caso da Facultade de Formación do Profesorado, cun plan

de evacuación que foi xa ensaiado en varias ocasións. Ademais os estudantes deste máster reciben formación específica básica sobre salvamento e socorrismo.

O máster ten a metade das súas actividades ao aire libre en espazos exteriores á Facultade de Formación do Profesorado e precisa de autobuses para o seu desprazamento. No curso pasado realizou saídas ao Parque Natural das Dunas de Corrubedo e Castro de Baroña, Cebreiro e Seoane do Courel coas rutas a Mercuríne a Devesa de Rogueira, e Mazo de Santa Comba. Estudou diversos lugares da colonización da Terra Chá, Camiño do Miño e Penas de Rodas, Coeses, Pedregal de Irimia e Mondoñedo, Santa Olalla de Bovéda, Ruta das Chousas e Castelo de Narla, Rasa Cantábrica, Fornos de A Pontenova e Lago Meirama, A Fonsagrada coas rutas do Gallol, Liñares de Bidul e Seimeira de Vilagocence, Granxa Escola de Barreiros en Sarria, Piornedo e ascenso ao Mustallar e Camiño Primitivo de Santiago desde o Alto do Acebo ata Melide, así como a visita aos *Bufones de Pría* e a praia de *Cuevas del Mar* en Asturias e a expedición a San Pelayo (Potes) para participar no encontro cos estudantes da Universidade de Cumbria (Reino Unido) e entre outras excursións facer o sendeiro do Cares, Puertos de Áliva e Pico Jato. Todas estas excursións puideron ser financiadas, ben coas axudas a prácticas de campo da USC, ben co "plan de choque" do convenio que mantén a Deputación Provincial de Lugo coa USC. Nos casos de Seoane do Courel, A Fonsagrada, Camiño Primitivo e Potes houbo necesidade de financiar tamén o aloxamento, En Seoane do Courel houbo a colaboración do colexio público que prestou as súas instalacións do polideportivo; na Fonsagrada o Concello cedeu as instalacións da antiga escola-fogar e financiou os desprazamentos internos pero no caso do Camiño Primitivo e Potes houbo que financiar a hospedaxe con fondos do "plan de choque" da Deputación. Sobre as actividades do máster en Potes pode consultarse <https://www.youtube.com/watch?v=q5h-9qJEoEA>

Toda esta actividade se fai conforme coas previsións da Memoria de Renovación da Acreditación de 2016 na que o máster se comprometeu a facer a metade das súas actividades ao aire libre, que ademais destas saídas fai paseos didácticos polas contornas periurbanas

Lugar da excursión	Data	Materias implicadas
Parque Natural de Corrubedo	03/10/2017	Ecosistema e biodiversidade Coñec. xeográfico do medio natural Natureza, paisaxe e arquitectura rural
O Cebreiro, Caurel, Devesa de Rogueira e outras rutas, Mazo de Santa Comba	20-22/10/2017	Ecosistema e biodiversidade Natureza, paisaxe e arquitectura rural
Percorrido literario pola cidade de Lugo	25/10/2017	Natureza e Literatura
Rasa Cantábrica e Lagoa de As Pontes	31/10/2017	Coñec. xeográfico do medio natural
Parque do Rato e arredores	07/11/2017	A natureza como medio educador
Camiño do Miño e Penas de Rodas	11/11/2017	A natureza como medio educador
Parque eólico de Sotavento	14/11/2017	Bases e recursos para o desenv. da Educ Ambiental
Estudio da Terra Chá	18/11/2017	Historia Ambiental
Contorna de Meira e Pedregal de Irimia	25/11/2017	Música e natureza
Nenea, Santa Olalla de Bóveda; rutas das Chousas e Castelo de Friol	02/12/2017	A natureza como medio educador
Coeses e arredores	05/12/2017	As artes plásticas e a natureza
Granxa Escola Barreiros	14/02/2018	Recursos para actividades motrices para persoas con diversidade funcional Recursos para actividades de Ciencias da Vida e a Terra con escolares
A Fonsagrada. Visita ao Museo Etnográfico,	22-24/02/2018	Equipamentos e organiz de

Ruta do Gallol, visita a A Fornaza, ruta Liñares de Bidul a Ponte de Vilabol, seimeira de Vilagocende		actividades Dirección de grupos e resolución de conflitos
Camiño Primitivo na provincia de Lugo (desde o Alto do Acebo ata Melide)	2-6/03/2018	Deseño e organización de actividades motrices ao aire libre O excursionismo e a vida ao aire libre: fundamentos e modelos Equipamentos e organización de actividades
Ascenso ao Mustallar	13/03/2018	Equipamentos e organización de actividades
Celebración do día da Árbore	21/03/2018	Dirección de grupos e resolución de conflitos
Expedición aos Picos de Europa	11-15/05/2018	Aprendizaxe experiencial en contornas singulares

A acollida dos estudantes faise mediante unha sesión de presentación o primeiro día. Ao longo do curso se establecen varias sesións de coordinación tanto para a preparación das actividades como para examinar a marcha do máster. Os debates e explicacións son frecuentes son por esta circunstancia.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A metodoloxía docente está exposta nas guías de cada materia e se axusta aos propósitos e metas que persigue a titulación. O Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza e un dos máis transversais que ten o sistema universitario galego con intervención de 17 áreas de coñecemento. A propia mecánica da docencia estimula unha pedagogía activa visible na alta cantidade de ensinanza/aprendizaxe que se fai ao aire libre e os exercicios de avaliación que se asignan a esta parte da formación. Os documentos docentes reflicten un grao moi alto de aprendizaxe experiencial nas actividades ao aire libre.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### **CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:**

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No curso 2017-2018 houbo 24 estudantes de novo ingreso dos que 22 finalizaron os seus estudos e outros dous abandonaron no transcurso do primeiro cuatrimestre e segundo cuatrimestre. Nun dos casos sen sequera chegar a examinarse de ningunha materia. A demanda inicial foi de 38 estudantes.

O informe das enquisas do alumnado coa titulación son pouco significativas, xa que a taxa de resposta sobre matriculados é dun 10,53%, porén mellora a do curso anterior, que foi anormalmente baixa. Mentres que no curso 2016-2017 todas as valoracións están por debaixo da media, no curso 2017-2018 son case todas superiores á media dos másteres da USC, sendo a organización temporal das materias o que máis preocupa aos estudantes. Este extremo ten a súa explicación polas propias características do máster que realiza moita actividade ao aire libre, o que en ocasións precisa de cambios de horario dependendo das condicións do tempo atmosférico: non se pode saír a natureza en condicións climáticas que poñan en risco ás persoas. Tamén houbo queixas polo separadas que estaban algunhas sesións de clase das materias, cuestión que foi corrixida con racionalidade no actual curso.

A mellora de datos en referencia ao curso anterior é notoria. No curso 2016-2017 se produciron as puntuacións máis baixas de toda a serie histórica deste máster, mentres que no curso 2017-2018 as puntuacións outorgadas superan en case todos os ámbitos a media de valoración de másteres da USC.

#### **7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A valoración do máster por parte dos estudantes é a máis alta desde a súa implantación conforme a enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. Os aspectos sobre os que amosan máis satisfacción se refiren a resolución de dúbidas que se lle formula ao profesorado (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...) cunha puntuación de 4,74, o cumprimento do programa e plan de traballo previsto cunha puntuación de 4,72 e a utilidade da axuda recibida nas titorías cunha puntuación de 4,70. Pola contra o aspecto da enquisa que recibe unha puntuación máis baixa e a coordinación entre os/as distintos/as profesores/as dunha materia cunha puntuación que, en todo caso, é moi positiva: 3,97, satisfacción que está moi por encima das enquisas de anos anteriores. Porén, cabe salientar que a coordinación do profesorado é un dos aspectos máis difíciles no desenvolvemento da docencia: participa neste máster profesorado de catro dos cinco centros do Campus Terra, ademais de dous profesores do campus de Compostela que

foron chamados e cooperan por seren eles especialistas de recoñecido prestixio no seu ámbito, e polo tanto é de máximo interese a súa participación. Engádesse a esta circunstancia o carácter multidisciplinar da formación que reciben os estudantes que fai que estean implicadas 17 áreas de coñecemento.

Asemade o profesorado manifesta, a súa vez, o índice máis alto de satisfacción desde que o máster foi implantado no curso 2011-2012 cunha puntaxe global de 4,11. En contraposición ao que manifestan os estudantes, o aspecto no que se amosa máis satisfeito é a coordinación entre os distintos profesores e profesoras, cunha puntaxe de 4,55, mentres que o nivel con que chega o alumnado segue a ser o item máis baixo na súa consideración cunha puntaxe de 3,46. Estas dúas cuestións teñen unha explicación razoable. En primeiro lugar porque os profesores son conscientes das dificultades de coordinación e nos derradeiros anos está facendo un esforzo considerable en optimizar os mecanismos de coordinación interna entre as materias e os módulos. En canto ao segundo, as diferenzas entre as áreas fan que non todos os estudantes teñan un nivel estándar para abordar do mesmo xeito ás materias, porque as veces son contidos completamente novos que lles custa afrontar axeitadamente.

No título non consta ningunha reclamación no curso 2017-2018, conforme o propio informe da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR). Os estudantes non presentaron ningunha queixa escrita. Houbo canles e diálogo para manifestar as súas reservas ou eloxios na organización da docencia e no desenvolvemento das actividades.

Os cadros resumo amosan unha variabilidade normal nos indicadores xerais. Faise un análise dos que resultan máis significativos:

<b>Nome</b>	<b>2012-13</b>	<b>2013-14</b>	<b>2014-15</b>	<b>2015-16</b>	<b>2016-17</b>	<b>2017-18</b>
Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (%)	3,03	7,41	7,14	5,56	19,35	15,79
Taxa de ocupación (%)	100,00	53,57	-	100,00	108,00	96,00
Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (%)	-	-	-	80,56	54,84	65,79
Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (1-5)	0,00	4,81	-	2,29	4,03	5,00
Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas (1-5)	-	0,00	-	4,19	-	-
Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas (1-5)	4,30	4,00	-	4,20	-	5,00
Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (1-5)	-	0,00	-	-	3,33	3,07
Grao de satisfacción dos egresados cos servizos (1-5)	-	0,00	-	-	3,50	3,78
Taxa de rendemento (%)	93,91	88,69	35,29	87,72	94,53	88,63
Taxa de éxito (%)	99,82	100,00	100,00	99,80	99,23	98,69
Taxa de avaliación (%)	94,09	88,69	35,29	87,89	95,26	89,80
Taxa de graduación (%)	86,21	82,14	53,33	-	78,57	85,19

Parece consolidarse un porcentaxe de estudantes que veñen doutros puntos de España e doutros continentes. A taxa de ocupación segue sendo case completa. Se consolida a súa vez un grupo de estudantes que proceden doutras universidades galegas de case un 20%. Aínda sen ser un dato negativo, necesítase mellorar a satisfacción dos egresados coa información recibida, pero mellora a súa percepción dos servizos. As taxas de rendemento, éxito, avaliación e graduación están dentro das previsións da Memoria de verificación do título, e amosan unha variabilidade

asumible. Destaca unha lixeira baixada nas taxas de rendemento e avaliación, e unha lixeira mellora na de graduación. O nivel de satisfacción de estudantes e titores académicos coas prácticas externas amosan unha mellora moi estimable na súa organización e desenvolvemento que estimamos será corroborada en avaliacións futuras polos titores profesionais.

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non se ofrecen datos actualizados da inserción laboral. A taxa de afiliación a un ano de terminar os estudos en 2015 era do 50%, mentres que en 2016 foi de 66,7%. No primeiro ano trala finalización dos estudos ningún estudante tiña un posto de traballo consolidado, pero no segundo ano achábase xa que o 25% o conseguía. Dada a altísima taxa de traballo temporal que ten actualmente o emprego en España, son datos bastante satisfactorios. Os estudantes ademais atopan traballo no grupo de cotización en referencia ao esforzo dos estudos realizados nun 87,5% aos dous anos de estar titulado. Considérase que estes datos son moi positivos, pero non temos constancia da súa evolución.



3. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	PDF E5
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	PDF E6
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4312425_P.Ind_2017-2018
			4312425_INF.16_2017-2018
			4312425_INF.CiUG_2017-2018
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4312425 _I2_2017-2018
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4312425_P.Ind_2017-2018
			5017_INF.03_2017-2018
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do Centro</a>

		como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	<a href="#">Web do Título</a>
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4312425_P.Ind_2017-2018
			4312425_INF.04_2017-2018
			5017_INF.05_2017-2018
			4312425_INF.06_2017-2018
			4312425_INF.07_2017-2018
			4312425_INF.08_2017-2018
			4312425_INF.09_2017-2018
			5017_INF.10_2017-2018
			5017_INF.11_2017-2018
			4312425_INF.13_2017-2018
			4312425_INF.14_2017-2018
			5017_INF.21_2017-2018
			4312425_INF.22_2017-2018
4312425_INF.23_2017-2018			

			4312425_Informe_de_indicadores_2017-2018
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4312425_P.Ind_2017-2018
			4312425_Informe_de_indicadores_2017-2018
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4312425_E15_2017-2018
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5017_E16_2017-2018
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5017_I6-I7_2017-2018
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5017_I6-I7_2017-2018
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	4312425_INF.13_2017-2018
			4312425_INF.14_2017-2018
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5017_I10_2017-2018
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	PDF E20
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	PDF I11
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y	PDF E24

		cualificación)	
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	4312425_INF.15_2017-2018
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4312425_P.Ind_2017-2018
			4312425_INF.17_2017-2018
			4312425_INF.18_2017-2018
			4312425_INF.19_2017-2018
			4312425 _ INF_SIIU_2017-2018
			4312425 _Informe_de_indicadores_2017-2018
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4312425_P.Ind_2017-2018
			4312425_INF.CiUG_2017-2018
			4312425_Informe_de_indicadores_2017-2018
7	I14	Resultados de inserción laboral	4312425_EIL-SIIU_2017-2018
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	4312425_P.Ind_2017-2018 4312425 _Informe_de_indicadores_2017-2018 4312425 _MedUSC_2017-2018

4 .MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
<p>Curso 2017-18- Incorporación de nova materia optativa</p> <p><i>P3281205 <a href="#">Aprendizaxe experiencial en contornas singulares</a></i></p>	<p>A nova materia optativa créase para axilizar os procesos de internacionalización do máster e a súa participación en redes internacionais de educación ao aire libre. Consta como proposta de mellora no Informe de seguimento do curso 2016-17, e asemade o proceso de internacionalización do máster consta na Programación Plurianual 2016-2020 da FFP de Lugo.</p>

**Estado de cumprimento das accións de melloras do Curso  
2017-2018**

<u>ACCIÓNS DE MELLORA CURSO 2017-2018</u>	
<b>Código</b>	<b>AM-DAEN-1</b>
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos humanos
Análise causa	Necesidade de racionalizar e darlle valor ás innovacións educativas que desenvolve o máster
Definición/ descrición proposta	Constitución dun grupo de innovación interdisciplinar en relación co aire libre e as potencialidades educadoras da natureza
Datas	Finalización: 30/09/2018; Inicio: 30/10/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa-Proponse continuación para o curso 2018-19; Eficacia: --
Responsables	Eugenio Otero Urtaza Rubén Navarro Patón Agustín Merino García Joaquín Lago Ballesteros Paloma Blanco Anaya
<b>Tarefa 1</b>	<b>AM-DAEN-1.1</b>
Descrición tarefa	Constituír o grupo de innovación
Data prevista de finalización	30/09/2018
Responsable	Eugenio Otero Urtaza
Estado	Non realizada- Continúa para o curso 2018-19

<u>ACCIÓNS DE MELLORA CURSO 2017-2018</u>	
<b>Código</b>	<b>AM-DAEN-2</b>
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de afondar nos aspectos da responsabilidade civil
Definición/ descrición proposta	Buscar un profesor para impartir unha conferencia específica sobre a responsabilidade civil en actividades con grupos no medio natural
Datas	Finalización: 30/09/2018; Inicio: 10/12/2017
Estado/Eficacia	Estado: Non realizada- Proponse de novo para o curso 2018-19; Eficacia: --
Responsables	Jacobo Feás Vázquez
<b>Tarefa 1</b>	<b>AM-2.1</b>
Descrición tarefa	Contratar conferenciante e perfilar conferencia
Data prevista de finalización	30/09/2018
Responsable	Jacobo Feás Vázquez
Estado	Non realizada- Proposta de novo para o curso 2018-19

<u>ACCIÓNS DE MELLORA CURSO 2017-2018</u>	
<b>Código</b>	<b>AM-DAEN-3</b>
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos materiais e servizos
Análise causa	O laboratorio do máster é a propia natureza. Os estudantes necesitan coñecer, diferenciar e usar o instrumental necesario para realizar as actividades educativas na natureza
Definición/ descrición proposta	Adquisición de material de campo e montaña, de pernocta e sendeirismo para a formación dos estudantes do máster
Datas	Finalización: 30/09/2018; Inicio: 30/12/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Si
Responsables	Eugenio Otero Urtaza
<b>Tarefa 1</b>	<b>AM-DAEN-3.1</b>
Descrición tarefa	Solicitud de material ás convocatorias específicas para o Campus Terra por valor aproximado de 3.900 euros.
Data prevista de finalización	30/09/2018
Responsable	Eugenio Otero Urtaza
Estado	Realizada



<u>ACCIÓNS DE MELLORA CURSO 2017-2018</u>	
<b>Código</b>	<b>AM-DAEN-4</b>
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos materiais e servizos
Análise causa	Os estudantes deben estar afeitos a realizar actividades de protección das masas boscosas e sabelo transmitir aos escolares
Definición/ descrición proposta	Adquisición de material para plantar árbores. Establecemento na Facultade de Formación do Profesorado dun viveiro de árbores.
Datas	Finalización: 30/09/2018; Inicio: 30/01/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Si
Responsables	Eugenio Otero Urtaza
<b>Tarefa 1</b>	<b>AM-DAEN-4.1</b>
Descrición tarefa	Solicitud de material ás convocatorias específicas para o Campus Terra por valor aproximado de 1.560 euros.
Data prevista de finalización	30/09/2018
Responsable	Eugenio Otero Urtaza
Estado	Realizada

<u>ACCIONS DE MELLORA CURSO 2017-2018</u>	
<b>Código</b>	<b>AM-DAEN-5</b>
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos humanos
Análise causa	O mantemento do máster nas redes internacionais de educación ao aire libre dálle visibilidade e moito valor engadido, como se amosou no congreso da EOE en Plymouth o ano pasado
Definición/ descrición proposta	Asistencia de catro profesores do máster ao congreso da EOE en Cšoc (Eslovenia) entre o 19 e o 23 de setembro de 2018
Datas	Finalización: 30/09/2018; Inicio: 30/02/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Si
Responsables	Vicente Blanco Mosquera Joaquín Lago Ballesteros Salvador Cidrás Robles Silvia Basanta Camiño
<b>Tarefa 1</b>	<b>AM-DAEN-5.1</b>
Descrición tarefa	Asistencia a congreso con comunicacións sobre a actividade do máster
Data prevista de finalización	30/09/2018
Responsable	Vicente Blanco Mosquera
Estado	Realizada

<u>ACCIÓNS DE MELLORA CURSO 2017-2018</u>	
<b>Código</b>	<b>AM-DAEN-6</b>
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Mantemento dunha relación que é moi positiva para os estudantes do máster e a visibilidade do DAEN nas redes europeas de educación ao aire libre
Definición/ descrición proposta	Expedición a Potes en 2018 para reunirse con estudantes e profesores da Universidade de Cumbria (Reino Unido)
Datas	Finalización: 30/07/2018; Inicio: 30/01/2018
Estado/Eficacia	Estado: finalizada; Eficacia: Si
Responsables	Agustín Merino García Eugenio Otero Urtaza Silvia Basanta Camiño
<b>Tarefa 1</b>	<b>AM-DAEN-6.1</b>
Descrición tarefa	Expedición de cinco días a Potes (Cantabria) para permanecer no camping de San Pelayo e realizar actividades conxuntas nun encontro internacional.
Data prevista de finalización	30/05/2018
Responsable	Agustín Merino García
Estado	Realizada

### Accións de mellora propostas para o curso 2018-2019

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	AM-1 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Renovación da Acreditación 2016
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Necesidade de harmonizar os criterios dos tribunais de Traballo Fin de Máster
Definición/ descrición proposta	Elaboración dunha rúbrica para a cualificación do Traballo Fin de Máster
Datas	Finalización: 30/06/2019; Inicio: 01/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Joaquín Lago Ballesteros/Rubén Navarro Patón
<b>Tarefa1</b>	AM-1.1
Descrición tarefa	Elaboración da Rúbrica
Data prevista de finalización	28/02/2019
Responsable	Joaquín Lago Ballesteros
Estado	Activa
<b>Tarefa2</b>	AM-1.2
Descrición tarefa	Aplicación da rúbrica

Data prevista de finalización	01/06/2019
Responsable	Rubén Navarro Patón
Estado	Activa

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	AM-2 (Curso 2018-2019)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Experiencia de traballo colaborativo con estudantes e profesores da Universidade de Cumbria. Continuación da acción de mellora 2 do informe anual de seguimento do curso 2014-15, que xa se levou a cabo no curso 2015-16, no 16-17, e no 17-18
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Reunión e actividades de campo cos estudantes e docentes da Universidade de Cumbria, que manteñen un máster similar ao DAEN, en Potes (Asturias)
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2019; Inicio: 01/03/2019
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Agustín Merino García; Miguel Cons Ferreiro
<b>Tarefa1</b>	AM-2.1
<b>Descrición tarefa</b>	Preparación da expedición e programa de actividades
<b>Data prevista de finalización</b>	31/05/2019
<b>Responsable</b>	Agustín Merino García; Miguel Cons Ferreiro
<b>Estado</b>	Activa

<b><u>ACCIÓNS DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-3 (Curso 2018-2019)
<b>Orixe</b>	Informe de renovación da acreditación
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5 Recursos materiais e servizos
<b>Análise causa</b>	Necesidade de ampliar os lugares e institucións a visitar programando saídas novas
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Levar aos estudantes a contornas do sur da provincia de Lugo/Visitar equipamentos de especial relevancia pola súa innovación tecnolóxica
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2019; Inicio: 01/02/2019
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa;
<b>Responsables</b>	Eugenio Otero Urtaza
<b>Tarefa1</b>	AM-3.1
<b>Descrición tarefa</b>	Preparación da expedición e programa de actividades
<b>Data prevista de finalización</b>	31/07/2019
<b>Responsable</b>	Eugenio Otero Urtaza
<b>Estado</b>	Activa

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	AM-4 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Poñer aos estudantes en maior contacto con profesionais de recoñecido prestixio
Definición/ descrición proposta	Traer como conferenciantes ao máster a destacados profesionais para que falen da súa experiencia
Datas	Finalización: 30/07/2019; Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Eugenio Otero Urtaza
<b>Tarefa1</b>	AM-4.1
Descrición tarefa	Contrato de Conferenciantes para o máster
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Eugenio Otero Urtaza;
Estado	Activa



<b><u>ACCIÓNS DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-5 (Curso 2018-2019)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Necesidade de que os estudantes teñan unha formación complementaria arredor da responsabilidade legal e riscos
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Conferencia de experto de recoñecido prestixio
<b>Datas</b>	Finalización: 28/02/2019; Inicio: 020/12/2018
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Jacobo Feás Vázquez
<b>Tarefa1</b>	AM-4.1
<b>Descrición tarefa</b>	Preparación da conferencia e análise de resultados
<b>Data prevista de finalización</b>	28/02/2019
<b>Responsable</b>	Jacobo Feás Vázquez
<b>Estado</b>	Activa

<b><u>ACCIÓNS DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-6 (Curso 2018-2019)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Darlle continuidade a prácticas que teñen resultado positivo na formación dos estudantes
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Celebración do Día dos Bosques cunha plantación de árbores autóctonas
<b>Datas</b>	Finalización: 30/06/2019; Inicio: 02/12/2018
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Eugenio Otero Urtaza
<b>Tarefa1</b>	AM-6.1
<b>Descrición tarefa</b>	Plantación de árbores nunha contorna da Terra Cha
<b>Data prevista de finalización</b>	30/06/2019
<b>Responsable</b>	Eugenio Otero Urtaza
<b>Estado</b>	Activa